

CENTRO INTERDISCIPLINARIO DE ESTUDOS AMERICANOS

“GUMERSINDO BUSTO”

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Aprobado polo Consello de Goberno o 17 de febreiro de 2005

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice

Capítulo I. Disposicións Xerais	III
Artigo 1º. Natureza e denominación.....	III
Artigo 2º. Ámbito de actuación e vixencia.....	III
Artigo 3º. Fins.....	III
Artigo 4º. Sede.....	IV
Artigo 5º. Réxime	IV
Capítulo II. Organización	V
Artigo 6º. Órganos de Goberno	V
Artigo 7º. Composición do Consello do Centro	V
Artigo 8º. Funcións do Consello do Centro.....	V
Artigo 9º. O Director do Centro.....	VI
Artigo 10º. O Vicedirector do Centro.....	VI
Artigo 11º. O Secretario do Centro.....	VII
Capítulo III. Persoal Científico.....	VII
Artigo 12º. Membros do Centro pertencentes á Universidade de Santiago.....	VII
Artigo 13º. Outros Membros do Centro.....	VIII
Artigo 14º. Colaboradores do Centro	VIII
Artigo 15º. Membros Honorarios do Centro	VIII
Artigo 16º. Adición do persoal científico ao CIEAM	IX
Artigo 17º. Perda da condición de membro do CIEAM.....	IX
Capítulo IV. Réxime Económico do CIEAM.....	IX
Artigo 18º. Presuposto	IX
Artigo 19º. Ingresos	IX
Artigo 20º. Actuacións do CIEAM para terceiros	X
Artigo 21º. Bens inventariables	X
Artigo 22º. Gastos.....	X
Disposicións Finais.....	XI
Primeira.....	XI
Segunda.....	XI
Anexo.....	XII
Primeiro	XII

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º. Natureza e denominación

O *Centro Interdisciplinario de Estudos Americanos “Gumersindo Busto” (CIEAM)*, constitúese pola Universidade de Santiago de Compostela como Centro Propio dedicado ao fomento da investigación, formación, estudo e difusión cultural e científica en torno a América Latina, Galicia e a súa historia común.

Artigo 2º. Ámbito de actuación e vixencia

O CIEAM é fundamentalmente un Centro de investigación dedicado á análise dos diversos aspectos históricos, científicos, educativos e culturais referidos a América Latina e ás súas relacións con Galicia, nos planos galego, estatal, europeo e internacional.

O CIEAM terá un ámbito de vixencia indefinido.

Artigo 3º. Fins

No marco do seu ámbito de actuación, son fins do CIEAM:

Crear un espazo de referencia dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en xeral, e da Universidade de Santiago (USC) en particular, para o fomento da investigación científica e difusión cultural de todo o relacionado con Galicia, América Latina e os seus vencellos comúns.

Pór en marcha os instrumentos e espazos necesarios para o desenvolvemento de actividades de investigación, análise, debate, divulgación e difusión cultural que acheguen as realidades latinoamericanas á sociedade galega e, de xeito especial, aos estudantes, empresarios e comunicadores, facendo partícipes a todos eles dos logros acadados.

Fomentar a investigación básica e aplicada, a formación de recursos humanos cualificados e de equipos de investigación fortes dentro do marco dos estudos latinoamericanistas, en plena consonancia cos obxectivos que ao respecto establecen os

Plans Galego e Nacional de I+D, de forma que poidan levar a cabo os obxectivos concretos do Centro.

Ser centro de referencia para o Sistema Empresarial Galego (no marco do Sistema Ciencia-Tecnoloxía-Empresa (SCTE) de Galicia) en canto á difusión do coñecemento básico necesario das realidades latinoamericanas de face á expansión da súa actividade nesa zona.

Levar a cabo as tarefas de formación e ensino referidas ao ámbito latinoamericanista promovidas ou encomendadas pola USC, especialmente no marco dos programas de Terceiro Ciclo, de Posgrao, ou nas programacións de verán da USC.

Fomentar as relacións académicas, profesionais e de investigación entre a USC e os centros académicos e de investigación de América Latina, Estados Unidos, Canadá, Europa o de calquera outro país, que compartan obxectivos converxentes cos do CIEAM.

Ser centro de referencia dentro da USC para a canalización das propostas de colaboración relacionadas cos estudos americanistas que proceden de iniciativas exteriores, tanto públicas como privadas.

Prestar asesoramento científico no marco de competencia do Centro a institucións públicas, empresas o particulares.

Artigo 4º. Sede

En tanto non dispoña doutra sede que lle poidan asignar as autoridades académicas da USC ou os recursos propios, o CIEAM terá a súa sede nos espazos que actualmente ocupa a Área de Historia de América no Departamento de Historia Contemporánea e de América da USC, e nos que lle poidan asignar nas súas facultades e departamentos o resto dos grupos de investigación participantes.

Artigo 5º. Réxime

Sen prexuízo de aplicación das normas xerais de carácter administrativo, o CIEAM rexerese polo disposto na Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, polos Estatutos da USC aprobados por Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, da Xunta de Galicia, polo Regulamento de creación e funcionamento dos Centros Propios da Universidade de Santiago de Compostela, de 20 de maio de 1999, e por este Regulamento.

CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN

Artigo 6º. Órganos de Goberno

Os órganos de goberno do CIEAM son:

- O Consello do Centro
- O Director
- O Vicedirector
- O Secretario

Artigo 7º. Composición do Consello do Centro

O Consello do Centro estará composto por:

- O Director do Centro, que o convocará e o presidirá
- O Vicedirector do Centro
- O Secretario do Centro, que o será tamén do Consello do Centro
- Un representante do Consello de Goberno da USC nomeado polo Reitor
- Tres representantes do persoal científico adscrito ao Centro, que deberán ter vinculación laboral coa USC.

Artigo 8º. Funcións do Consello do Centro

Son funcións do Consello do Centro:

- Elixir ao Director do Centro e propoñer o seu nomeamento ao Reitor e, de ser o caso, a súa remoción mediante acordo adoptado polo voto favorable de dous tercios dos seus compoñentes
- Elixir o Vicedirector do Centro
- Aprobar o orzamento e a programación anual das actividades do CIEAM
- Aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica
- Aprobar o ingreso de novos membros do persoal científico de CIEAM e o seu cesamento

- Emitir informes sobre os contratos do CIEAM e dos seus membros aos que se refire o artigo 20 de este Regulamento
- Proponer ao Consello de Goberno da USC a aprobación ou modificación do Regulamento do CIEAM
- Aqueloutras que se establezan en desenvolvemento de disposicións contidas nos instrumentos normativos polos que se rexe o CIEAM.

Salvo que se esixan outras maiorías, o Consello adoptará acordos polo voto favorable da metade máis un dos seus membros.

Artigo 9º. O Director do Centro

O Director do Centro será un funcionario dos corpos docentes universitarios da USC, co título de doutor e dedicación a tempo completo e con vinculación ao Centro alomenos dende un ano antes da súa elección (agás no momento de creación do Centro).

O Director do Centro será elixido polo Consello do Centro e nomeado polo Reitor da USC por un período de catro anos, non podendo desempeñar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

Correspóndelle ao Director do Centro:

- Convocar o Consello do Centro alomenos unha vez ao ano, presidir as reunións que celebre e executar os seus acordos
- Representa-lo Centro no ámbito da súa competencia.
- Elabora-las propostas anuais de programación e orzamento do CIEAM
- Redacta-la memoria de actividades e a memoria económica.
- Nomea-lo Secretario
- Dirixir e coordina-las actividades do CIEAM
- Autoriza-los gastos dentro do orzamento anual
- Aqueloutras funcións que lle poidan corresponder en virtude de disposicións que lle sexan aplicables.

Artigo 10º. O Vicedirector do Centro

O Director do Centro será un funcionario dos corpos docentes universitarios da USC, co título de doutor e dedicación a tempo completo, con vinculación ao Centro

alomenos dende un ano antes da súa elección (excepto no momento de creación do Centro), e con obra publicada nalgunha das materias propias do ámbito do CIEAM.

O Vicedirector do Centro será elixido e nomeado polo Consello do Centro.

Correspóndelle ao Vicedirector do Centro:

- Substituír-lo Director do Centro nas súas funcións cando por motivos xustificadas (enfermidade ou ausencia) sexa necesario
- Colaborar co Director do Centro nas propostas anuais de programación e orzamento do CIEAM, na redacción da memoria de actividades e da memoria económica
- Desenvolve-las tarefas de coordinación do Centro que o Director determine
- Aqueloutras funcións que lle poidan corresponder en virtude de disposicións que lle sexan aplicables.

Artigo 11º. O Secretario do Centro

O Secretario do Centro será nomeado polo director entre os membros do Consello de Centro ou entre o persoal contratado.

Son funcións do secretario:

- Redacta-las actas das sesións do Consello do Centro
- Custodia-los arquivos e a documentación do Centro
- Expedi-las certificacións no ámbito da súa competencia.

CAPÍTULO III. PERSOAL CIENTÍFICO

Artigo 12º. Membros do Centro pertencentes á Universidade de Santiago

O persoal científico do Centro estará integrado por profesores, axudantes e investigadores da USC, que realicen ou tivesen realizado investigación no ámbito propio do Centro, e que pertencen aos grupos integrantes do mesmo.

De conformidade co establecido no apartado anterior, farían parte do persoal científico inicial do CIEAM os profesores, axudantes ou investigadores que se relacionan no Anexo desde Regulamento.

Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, e segundo o establecido no Capítulo II deste Regulamento, poderán incorporarse como membros do CIEAM profesores e investigadores da USC que realicen investigación no ámbito do Centro.

Artigo 13º. Outros Membros do Centro

Poderán ser membros do CIEAM, a título individual en calidade de colaboradores, as persoas integradas nalgún proxecto ou programa do Centro.

Poderán tamén ser membros do CIEAM, a título individual en calidade de colaboradores e previo pedimento expreso dos interesados ao Consello do Centro, profesores e investigadores doutras Universidades galegas con obra publicada e especializada en materias do ámbito do Centro, ou que acrediten ter realizado traballos de investigación sobre temas pertencentes ao ámbito de actuación do Centro, e que cumpran os requisitos establecidos na normativa de creación e funcionamento de Centros Propios da USC.

De conformidade co establecido nos dous apartados anteriores, farán parte tamén do persoal científico inicial do CIEAM os investigadores e persoas que se relacionan no Anexo deste Regulamento.

Artigo 14º. Colaboradores do Centro

Poderán colaborar no CIEAM, previo pedimento expreso dos interesados ao Consello do Centro, outros investigadores e profesores non universitarios.

Todas aquelas persoas integradas nalgún proxecto ou programa do Centro serán consideradas automaticamente *colaboradores* do Centro.

Artigo 15º. Membros Honorarios do Centro

O Consello do Centro, por voto favorable de dous tercios dos seus membros, poderá nomear *membros honorarios*, con voz pero sen voto, entre as persoas que salienten ou tiveran salientado en calquera eido relacionado co ámbito de actuación do CIEAM.

Artigo 16º. Adición do persoal científico ao CIEAM

O profesorado universitario integrado no Centro manterá as obrigas ás que estea suxeito en virtude do réxime que lle sexa de aplicación pola súa pertenza á USC ou a outras Universidades galegas. A súa dedicación ao centro afectará só á súa xornada investigadora, sen prexuízo da posibilidade de dispensar docencia de terceiro ciclo ou posgraio no centro.

Os profesores, axudantes e bolseiros da USC que soliciten o seu ingreso ao Centro unha vez creado, deberán contar coa autorización previa do seu Consello de Departamento para desenvolver no Centro a totalidade ou parte da súa xornada investigadora. No caso de que o Departamento lle denegue a autorización, o interesado poderá recorrer este acordo perante o Consello de Goberno.

Artigo 17º. Perda da condición de membro do CIEAM

A condición de membro do CIEAM perderase por renuncia, que se fará chegar por escrito ao Director do Centro, e que este comunicará ao Consello do Centro.

Tamén se perderá a dita condición por consecuencia de acordo adoptado polo voto favorable de dous tercios dos membros do Consello do Centro.

CAPÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO DO CIEAM

Artigo 18º. Presuposto

O CIEAM terá o seu propio presuposto de ingresos e gastos que deberá ser confeccionado anualmente polo Director e aprobado polo Consello do Centro.

Artigo 19º. Ingresos

Terán a consideración de ingresos do CIEAM:

- As axudas e subvencións outorgadas ao CIEAM por organismos ou entidades públicas ou privadas, así como por persoas individuais

- As cantidades de diñeiro procedentes de proxectos de investigación concedidos por entidades públicas ou privadas a membros do CIEAM para investigación nas materias propias e nos proxectos do mesmo
- As cantidades de diñeiro procedentes de contratos concluídos con entidades públicas ou privadas
- As cantidades de diñeiro procedentes de asignacións que se poidan facer ao CIEAM nos orzamentos da USC.
- Os posibles ingresos pola impartición de cursos ou seminarios, ou outros servizos prestados polo CIEAM.

Artigo 20º. Actuacións do CIEAM para terceiros

O CIEAM, e os seus membros a través del, poderán contratar con entidades públicas ou privadas e con persoas físicas a realización de traballos de carácter científico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización, nas condicións establecidas na lexislación vixente e nos Estatutos da USC.

Artigo 21º. Bens inventariables

Os bens inventariables que adquira o CIEAM ou os seus investigadores a través del para o cumprimento dos contratos que celebren conforme ao Artigo 20 deste Regulamento serán propiedade da USC, salvo no caso de investigacións ou cursos con financiamento compartido con outras institucións ou empresas, en que se establecerá un convenio particular para establece-las propiedades dos bens adquiridos con ese financiamento e a propiedade das patentes ou modelos de utilidade a que desen lugar.

Artigo 22º. Gastos

Corresponde ao Director do Centro autoriza-los gastos dentro do presuposto anual; a tramitación do expediente de gasto realizarase de acordo coas normas xerais da USC.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.

Segunda

En todo aquilo non establecido neste regulamento, os centros rexeranse polas disposicións legais e estatutarias que lles sexan aplicables.



ANEXO

Primeiro

De conformidade co establecido no Artigo 12º deste Regulamento, farán parte do persoal científico inicial do CIEAM os seguintes profesores, axudantes ou investigadores da USC:

1. Grupo de Investigación 2155-007
 - Dra. Pilar Cagiao Vila, Profesora Titular de Historia de América da USC
 - Dra. María Luísa Pazos Pazos, Profesora Axudante de Historia de América da USC
2. Grupo de Investigación 2140-006
 - Rubén C. Lois González, Profesor Titular de Xeografía da USC
3. Grupo de Investigación 2124-005
 - Dr. Luís Martul Tobío, Profesor Titular de Literatura Hispanoamericana da USC
4. Grupo de Investigación 2155-009
 - Dr. Xosé Manoel Núñez Seixas, Profesor Titular de Historia Contemporánea da USC
5. Grupo de Investigación 2131-001, 2131-002
 - Dr. Vicente Peña Saavedra, Profesor Titular de Educación da USC
6. Grupo de Investigación 2138-002
 - Dr. Xosé Manuel Vázquez Varela, Catedrático de Prehistoria da USC
7. Grupo de Investigación 2101-004
 - Dr. Antonio Martínez Puñal, Profesor Titular de Derecho Internacional Público USC
 - Dr. Rafael García Pérez, Profesor Titular Derecho Internacional Público da USC
8. Grupo de Investigación 2107-007
 - Dr. Xavier Vence Deza, Catedrático de Economía Aplicada da USC
9. Grupo de Investigación 2183-010
 - Dr. Jesús Izco Sevillano, Catedrático de Botánica da USC
 - Dr. Francisco Javier Amigo Vázquez, Profesor Titular de Botánica da USC
10. Grupo de Investigación 2152-005
 - Dra. Margarita M. Ledo Andión, Catedrática de Comunicación Audiovisual da USC
11. Grupo de Investigación 2140-013
 - Dra. Monteserrat Villarino Pérez, Profesora Titular de Xeografía Humana da USC

Ademais, e de conformidade co artigo 13º do Regulamento de Réxime Interno do CIEAM, serán parte do persoal científico inicial as seguintes persoas:

- Andrés José Precedo Ledo, Catedrático de Xeografía da USC
- Domingo González Lopo, Profesor Asociado do Departamento de Historia Medieval y Moderna da USC
- Eduardo Rey Tristán, Investigador Contratado, Área Historia de América, Dpto. Historia Contemporánea e de América da USC.

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2155-007

Nome do Grupo: *Historia de América*

Nome Curto: HDA

Departamento: Historia Contemporánea e de América

Directora: CAGIAO VILA, MARÍA DEL PILAR (DNI 32437917)

Membro: PAZOS PAZOS, MARÍA LUÍSA (DNI 35456485)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2140-006

Nome do Grupo: *Xeografía urbana e xeografía social*

Nome Curto: 2140-006

Departamento: Xeografía

Director: LOIS GONZÁLEZ, RUBÉN CAMILO (DNI 33250579)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2124-005

Nome do Grupo: **2124-005**

Nome Curto: 2124-005

Departamento: Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral

Director: MARTUL TOBÍO, LUÍS (DNI 33190815-K)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2155-009

Nome do Grupo: **2155-009**

Nome Curto: 2155-009

Departamento: Historia Contemporánea e de América

Director: NÚÑEZ SEIXAS, XOSÉ MANOEL (DNI 56620407)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2131-001, 2131-002

Nome do Grupo: *Educación intercultural e migracións, Educación - Emigración*

Nome Curto: 2131-001, 2131-002

Departamento: Teoría e Historia da Educación

Director: PEÑA SAAVEDRA, VICENTE (DNI 32621275-F)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2138-002

Nome do Grupo: **2138-002**

Nome Curto: 2138-002

Departamento: Historia I

Director: VÁZQUEZ VARELA, XOSÉ MANUEL (DNI 32355104-S)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2101-004

Nome do Grupo: **2101-004**

Nome Curto: 2101-004

Departamento: Dereito Público e Teoría do Estado

Director: MARTÍNEZ PUÑAL, ANTONIO (DNI 33184320)

Miembro: GARCÍA PÉREZ, RAFAEL (DNI 5239769-R)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2107-007

Nome do Grupo: *Innovación, Cambio Estructural e Desenvolvemento*

Nome Curto: 2107-007

Departamento: Economía Aplicada

Director: VENCE DEZA, XAVIER (DNI 36046993-J)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2183-010

Nome do Grupo: **2183-010**

Nome Curto: 2183-010

Departamento: Botánica

Director: IZCO SEVILLANO, JESÚS (DNI 32344927-G)

Membro: AMIGO VÁZQUEZ, FRANCISCO JAVIER (DNI 34908005-P)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2152-005

Nome do Grupo: **2152-005**

Nome Curto: CPA.ODA

Departamento: Ciencias da Comunicación

Director: LEDO ANDIÓN, MARGARITA M. (DNI 33804628)

FOLLA DE FIRMAS

GRUPO DE INVESTIGACIÓN 2152-005

Nome do Grupo: **2140-013**
Nome Curto: 2140-013
Departamento: Xeografía

Director: VILLARINO PÉREZ, MONTSERRAT (DNI37621332-W)

FOLLA DE FIRMAS

OUTROS MEMBROS DO CENTRO

PRECEDO LEDO, ANDRÉS JOSÉ (DNI 32344927-G), Departamento de Xeografía

GONZÁLEZ LOPO, DOMINGO (DNI 36022758), Departamento de Historia Medieval y Moderna

REY TRISTÁN, EDUARDO (DNI 35316304), Investigador Contratado Área Historia de América, Dpto. Historia Contemporánea e de América